

***A MAN DO DIAÑO* BRAIS RODRÍGUEZ. DEMO EDITORIAL (2010)**

1. Comenta a portada: tipo de plano, perspectiva, cores escollidas, simbolismo da imaxe....
2. Comenta o título. Pareceche un título informativo ou suxestivo?
3. Como se dividen as planas do libro?
4. Na páxina 24 aparece unha viñeta de tamaño maior, explica o porqué.
5. Comenta nas páxinas 8 e 9 o uso dos diversos tipos de plano e de globo que aparecen.
6. Busca no cómic tres exemplos de onomatopeas e explica cal é o son que representa cada unha.
7. Dentro dun dos globos aparece unha metáfora visual, localízaa (indica o número de páxina e de viñeta), cópiaa e explica o seu significado.
8. Os personaxes non teñen nome e están practicamente faltos de xestualidade. Explica o valor que ten no texto a ausencia destes elementos.
9. Analiza o tipo de espazo e o tempo en que se localiza a obra. Que implicacións significativas ten esta elección no significado global do cómic?
10. A escolla do branco e negro tamén ten implicacións expresivas. Cales?
11. Compara a primeira viñeta coa última.
12. Despois de ler o texto, a que dirías que se refire o título “A man do diaño”? Fai a túa proposta de título tendo en conta a análise que acabas de realizar.
13. Comenta a opinión que David Rubín dá sobre a obra na contraportada e expón a túa propia opinión sobre a lectura.

Representa a proclama antibelicista da obra de Brais Rodríguez mediante unha viñeta que sirva como portada do teu traballo.

O teu traballo poderá levar o título do cómic ou a túa proposta de título.

Lembra incluír un índice.